



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 27 DE MARZO DO 2014

Ás 9.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia os profesores Ana Iglesias Galdo, Manuel-Reyes García Hurtado, Araceli Torres Miño e Sergio Santos del Riego, así como o estudante Ernesto Vázquez-Rey Farto.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre a sesión e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

### 1. Informe do reitor

O **reitor** comeza informando da celebración, o pasado día 20 de marzo, de CRUE e Consejo de Universidades en Madrid. Nel informáronse dous proxectos de Reais Decretos preparados polo Ministerio. Un, sobre normativa básica de requisitos de acceso e procedementos de admisión ás ensinanzas de grao (desenvolvemento da LOMCE), e outro *“polo que se establecen os requisitos e o procedemento para a homologación, declaración de equivalencia a titulacións e a nivel académico e validación de títulos estranxeiros de educación superior aos títulos ou niveis españois, e o procedemento para determinar a correspondencia aos niveis 2 ou 3 do marco español de cualificacións para a educación superior dos títulos oficiais de arquitectura, arquitectura técnica, enxeñaría técnica e diplomatura”*.

O informe do Consejo de Universidades foi desfavorable en ambos casos. No primeiro caso, os reitores e reitoras defenderon a moratoria dun ano na aplicación da LOMCE para todos os tipos de acceso á Universidade, incluídos os estudantes de FP e de bacharelato internacional. Porén, o criterio non foi atendido polo Ministerio. No segundo caso, introdúcese regulación insatisfactoria para a homologación internacional dos titulados españois, fundamentalmente os enxeñeiros/as con títulos pre-Boloña, e dos estranxeiros que queiran acceder ao ensino universitario español. No parecer do Consejo de Universidades, defendeuse que as equivalencias deberían ser automáticas, e non pasar pola decisión singular da ANECA.

O reitor considera preocupante que nos últimos anos todos os reais decretos que pasan polo Consejo de Universidades sexan informados en sentido



desfavorable, tanto por motivos de fondo como de forma, polas ausencia de diálogo dos responsábeis ministeriais cos xestores universitarios na preparación dos borradores dos proxectos de real decreto.

Na CRUE houbo tamén unha queixa contra a actividade das empresas auditoras que están adicándose a buscar reintegros das axudas concedidas polo Ministerio, mesmo para contías ínfimas. Unha actividade revisora que pon de manifesto a desconfianza institucional contra as Universidades e a vontade recadatoria do Ministerio. Este tipo de auditorías obriga a que os servizos das universidades adiquen unha enorme cantidade de traballo suplementaria. Tamén se puxo de manifesto na CRUE a preocupación pola falta de flexibilización da taxa de reposición para as Universidades. Sinalan no Ministerio que é probable que, de cara ao orzamento do 2015 se poda revisar a taxa xeral de reposición, en función de como vaian indo as cifras macroeconómicas.

Por último, o reitor lembra que a equipa de goberno continuou durante este mes de marzo as visitas aos centros do campus da Coruña. A vindeira semana comezarán as visitas aos centros do campus de Ferrol.

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao **vice-reitor de Investigación e Transferencia**, quen informa da resolución da convocatoria de axudas posdoutorais (modalidade A) da Xunta de Galicia; das solicitudes presentadas á convocatoria de axudas para contratos de formación posdoutoral do MINECO (antigo programa Juan de la Cierva); das solicitudes presentadas pola UDC no programa de persoal técnico de apoio (PTA) do MINECO; da publicación da convocatoria de avaliación plurianual dos grupos, unidades e investigadores/as do catálogo da UDC para o ano 2014 e dalgúns acordos da Comisión de Investigación relacionados coa normativa que regula o catálogo de investigación da UDC.

O **vice-reitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías** informa da celebración dunha reunión coa Secretaría Xeral de Universidades o pasado día 21 de marzo, na que se abordou a situación das titulacións de cara ao vindeiro curso académico, en especial as titulacións con problemas de matrícula, que están a redactar plans de viabilidade; en especial, no noso caso, as de Humanidades, cuxo plan deberá presentarse en novembro.

Comenta o vice-reitor a aprobación dun *Protocolo de boas prácticas para a oferta de titulacións* no curso 2015/2016, que afectará xa á tramitación de títulos e á oferta de prazas. Non poderá ofertarse un número de prazas



superior ao 10% do que apareza na memoria. Se hai unha oferta superior, deberá tramitarse unha modificación do título.

Tamén informa que, por proposta da comisión académica delegada do Consello Social, se introduciu unha modificación sobre o sistema de seguimento (informe de seguimento anual que se regula no artigo 9) nas normas de permanencia propostas polo Consello de Goberno de xuño de 2013. Unha vez evacuados os informes do Consello Galego de Universidades e do Consejo de Universidades, as normas de permanencia serán aprobadas no Consello Social desta mesma tarde.

A **vice-reitora de Planificación Económica e Infraestruturas** informa que na Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno na súa sesión do 17 de marzo validou expedientes de gasto e os imputou a créditos de 2014 por importe de 297.328,91€, correspondentes aos informes de intervención C-0002-14 e C-0003-14 e a algúns pendentes do informe C-0001-14 que non foron validados na comisión anterior por estar pendente de completar a documentación. Nesta comisión informouse tamén da imputación a este exercicio de expedientes de gasto de exercicios anteriores por un importe total de 574.136,36€

A **vice-reitora de Relacións Internacionais e Cooperación** informa dos seguintes asuntos.

En materia de cooperación, publicáronse, como en anos pasados, a convocatoria PCR e PCC, iniciativas nas que a comunidade universitaria ten a posibilidade de se desprazar a un país en vías de desenvolvemento para realizar unha estada de cooperación de cara a coñecer o funcionamento dos proxectos de cooperación internacional e para procurar traballo no terreo, en coordinación con ONGs. A convocatoria chamada de PCC (Proxectos de coñecemento da cooperación ao desenvolvemento) é para PDI e PAS e está dotada con 10.000€, a convocatoria PCR (de coñecemento da realidade) é de 22.000€

Tamén foi publicada a convocatoria de axudas de educación para o desenvolvemento, sensibilización e participación social, co obxectivo apoiar aquelas actividades desenvolvidas pola comunidade universitaria cuxo fin sexa darlle pulo aos valores da solidariedade na universidade e fomentar o desenvolvemento humano sostible, entre outros valores. O importe desta convocatoria é de 6.000 €



Fora do ámbito propio da UDC, a vicerreitora dá conta da publicación, con data 21 de marzo, da convocatoria de subvencións da AECID a “*Acciones de Cooperación para el Desarrollo*” correspondentes ao ano 2014. A convocatoria ten como obxecto o financiamento de proxectos que impulsen, en certos países, solucións innovadoras, xa desenvolvidas e testadas a nivel piloto, co fin de aplicalas na procura dun impacto positivo e relevante nas condicións de vida das persoas máis desfavorecidas. Pódese atopar información sobre ela na web da AECID e na nosa da OCV.

En materia de internacionalización, publicáronse esta semana dúas convocatorias en materia de prácticas internacionais: unha ampliación da convocatoria do proxecto Hi-Training Leonardo da Vinci (para titulados recentes da UDC), para distribuír as 13 prazas que quedaron vacantes na convocatoria inicial (de decembro de 2013); e a convocatoria para o curso 14/15 de mobilidade de estudantes para prácticas no estranxeiro en empresas ou institucións. Esta convocatoria incorpora certas diferenzas respecto as dos anos anteriores, debido aos cambios propiciados polas novas regras do Erasmus+, así como nos criterios de asignación das bolsas do MEC. Entre outras novidades, nesta convocatoria se contempla a posibilidade de facer prácticas tamén para recen titulados no ano inmediatamente posterior á finalización dos estudos, que o estudante ten que solicitar cando está aínda matriculado na UDC

O **xerente** informa, en primeiro lugar, da Resolución da Xerencia do 10 de marzo de 2014 pola que se modifican determinadas prestacións de acción social de 2014 en relación cos contratos de seguro.

Por outra parte, e en relación cos procesos electorais de PAS, infórmase que este pasado luns 24 constituíuse o novo Comité de Empresa e que tras o inicio o 12 de marzo deste mes do proceso electoral de funcionarios, as votacións terán lugar o vindeiro 10 de abril.

## **2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 27 de febreiro**

Sométese á aprobación do Consello o borrador da acta da sesión ordinaria do 27 de febreiro.

Sonia Souto solicita aclarar, na súa intervención na quenda aberta, que máis que a centros se refería á propia Escola de Doutoramento.

Coa incorporación da anterior precisión, a acta é aprobada por asentimento.



### **3. Contratos e convenios**

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en un (1) convenio marco, seis convenios específicos (6), e oitenta e seis convenios para prácticas (86) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbase por asentimento.

### **4. Informe sobre as actividades de conmemoración dos 25 anos da UDC**

O reitor cédelle a palabra ao secretario xeral, quen da conta das liñas básicas das actividades que se pretenden desenvolver ao longo do curso 2014/2015 para conmemorar os 25 anos da UDC. Os alicerces do programa de conmemoración serán tres:

- Poñer en valor o papel do ensino público superior no desenvolvemento económico e social do país e, en particular, da área metropolitana coruñesa e ferrolá.

As actividades centrais nas que se está a traballar son dúas. Unha exposición sobre os 25 anos da UDC, e unhas xornadas de debate sobre o ensino superior e a UDC. Estas últimas terá lugar na segunda ou terceira semana de setembro.

- Participación. Ademais das actividades centrais, os centros e, en xeral, a comunidade universitaria, poderán tamén propor o desenvolvemento de actividades propias, que serán difundidas baixo a imaxe institucional corporativa que se está a preparar nestes momentos.

A comisión coordinadora das actividades está composta pola Secretaría Xeral, a Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura, o gabinete de comunicación e o director técnico do Consello Social.

- A moderación no gasto.



Dada a escaseza de fondos propios, vaise desenvolver un plan de captación de patrocinios externos, cos que financiar as actividades. Os patrocinadores poderán difundir a súa imaxe a canda o logo institucional, como patrocinadores oficiais dos 25 anos da UDC.

Tras a exposición do secretario xeral, interveñen os profesores Moisés Canle e Luis Castedo para mencionar que nos seus centros están previstos dúas grandes reunións científicas, que poderían contribuír á visibilidade da efemérides.

O reitor considera que todo o que contribúa a dar visibilidade á institución é positivo, e anima a todos a participar na conmemoración.

### **5. Autorización da participación da UDC no capital social das spinoff "Recursos y Servicios Gerontológicos Gallegos S.L." e "Health in Code"**

O reitor cédelle a a palabra ao vicerreitor de Investigación e Transferencia, quen explica a proposta de participación no capital social destas dúas spinoff, como paso previo á aprobación definitiva que terá que facer o Consello Social da tarde.

Tras a explicación da proposta, e sen ningunha intervención, autorízase a participación no capital social por unanimidade e incorpórase a documentación como **anexo IV**

### **6. Regulamento de mobilidade de investigadores alleos da UDC**

Toma a palabra a vicerreitora de relacións internacionais e cooperación para explicar que se trae para a súa aprobación a proposta de Regulamento de investigadores visitantes internacionais da UDC con tripla finalidade: 1) establecer as condicións das estadias oficiais dos/as investigadores/as visitantes internacionais na UDC (do que se chamará programa PIVI), centralizando nos servizos da UDC e xeneralizando para todos os investigadores internacionais certas prácticas que xa se viñan a realizar normalmente polos profesores ou grupos de investigación da UDC respecto dos seus convidados (acceso a certos servizos (carné universitario; conta internet..., procura dun lugar, información, certificación da estadia...); deste modo tamén se libera aos grupos e aos profesores de certas tarefas administrativas; 2) establecer as condicións e obrigas deses investigadores para adquirir esa categoría de investigador visitante na UDC e para desenvolver unha estadia de investigación con todas as garantías; e, non



menos importante, 3) visibilizar e computar o número e perfil dos investigadores que nos visitan anualmente en estadias de investigación, dato que comeza a valorarse tamén nos indicadores de internacionalización. Este regulamento completárase cunha ficha en Xescampus a estes efectos. E, nun tempo breve, ampliarase aos investigadores visitantes procedentes doutras universidades españolas ou de centros de i+d ou de investigación nacionais.

Tras a exposición da vicerreitora, e ao non producirse intervencións, a proposta apróbase por unanimidade e incorpórase como **anexo V**.

### **7. Programas de simultaneidade (modificación e novas propostas)**

O vicerreitor de Títulos, calidade e Novas Tecnoloxías expón as propostas referentes aos programas de simultaneidade, que pasaron xa pola Comisión Delegada de Planos de Estudo e polo informe do Servizo de Organización Académica.

En primeiro lugar, explica a normativa específica dos novos programa de simultaneidade, correspondentes ao Grao en Arquitectura Técnica e o Grao en Ciencias Empresariais, así como do grao en Bioloxía e o Grao en Química.

Interveñen o decano de Economía e Empresa e o decano de Ciencias para explicaren a xénese dos novos programas de simultaneidade.

En segundo lugar, expón os cambios que se producen no programa de simultaneidade do grao en ADE e Dereito, relacionado cos traballos de fin de grao, ao non haber posibilidade legal de facer un recoñecemento de TFG entre os graos.

Apróbase por asentimento e incorpóranse como **anexo VI**

### **8. Límite de prazas de graos e mestrados**

Como todos os anos, o vicerreitor de Títulos, calidade e Novas Tecnoloxías expón as propostas de límites de prazas de grao e mestrado remitidas polos centros, pedindo desculpas pola tardanza na remisión de documentación do punto.

O vicerreitor comenta o incremento de 90 a 100 prazas na EU de Relacións Laborais, que levará a tramitar unha modificación da memoria do título,



como xa foi comentado. No grao de obras públicas hai unha redución do 5%.

Moisés Canle sinala unha errata na páxina 2 (táboa, aparece mencionada unha titulación inexistente).

Respecto dos mestrados, sinala que se subiu unha corrección do documento a Documenta, por haber varios erros na documentación colgada o luns.

Intervén a decana de Filoloxía para sinalar que os mestrados dos seus centros deben ser interuniversitarios. O decano de Dereito sinala outra errata nos mestrados do seu centro. O decano de Ciencias comenta que hai algúns mestrados que se saen por moi pouco da oferta prevista na memoria do título, e pregunta se iso obrigaría a modificar tamén a memoria, conforme ao novo protocolo de boas prácticas. O decano de economía e empresa pide que se comprobe o límite do mestrado de dirección e administración de empresas do ano pasado (pensa que eran 30).

Tras as anteriores intervencións, apróbase o punto por asentimento e incorpórase á acta como **anexo VII**

## **9. Calendario académico curso 2014/2015**

O vicerreitor de Títulos, calidade e Novas Tecnoloxías solicita a aprobación dos calendario académicos para o curso 2014/2015: titulacións adaptadas ao EEES e titulacións non adaptadas, tanto de grao como de mestrado.

É un calendario similar ao do ano pasado, agás nos períodos de avaliación de TFM e TFG, que se flexibilizan. Desprázase o día da Universidade do 28 ao 26 de xaneiro, data na que comeza o segundo cuatrimestre. A apertura de curso vaina organizar Vigo, polo que non hai día non lectivo na data de inauguración do curso.

O profesor Daniel Pena solicita que o calendario de titulacións non adaptadas sexa igual ao de adaptadas, dado que xa non hai docencia nas titulacións nas non adaptadas.

O vicerreitor explica que o calendario de non adaptadas é un calendario residual. A normativa establece que cada centro pode adaptar este calendario, só informando ao servizo de xestión académica para que se xestionen correctamente as actas.





A profesora Rosa Meijide lembra a controversia social que se suscitou verbo das datas de avaliación do primeiro cuadrimestre, xa á volta das vacacións de Nadal.

O profesor Fernando Agrasar comenta que recibiu en xaneiro unha chamada de dous xornalistas. Parécelle que fabricar “noticias” respecto disto é un síntoma de infantilización social.

O profesor Anxo Calvo ratifica o seu abraio por esta polémica, pois a el tamén o chamaron desde ese mesmo medio de comunicación para pedirlle a súa opinión.

O vicerreitor comenta que a el lle preocupa bastante máis o feito de que comecen os exames ao día seguinte de rematar as aulas do segundo cuadrimestre.

Rosa Meijide pregunta se os nosos calendarios coinciden cos das outras universidades. O vicerreitor contesta que con Santiago hai unha coincidencia substancial. En Vigo fixeron un experimento no ano 2012/2013, pero volveron atrás e hoxe teñen un calendario similar, mais sen marcar períodos de avaliación.

Gonzalo Faya sinala unha errata respecto do 7 de xaneiro, que non debe incluírse nas vacacións de Nadal, ao ser lectivo.

Anxo Calvo reitera o seu pedimento de que se lle transmita á Xunta de Galicia a necesidade de modificar a data de celebración dos exames das PAU. O reitor reitera que reiterará máis unha vez o pedimento á Consellaría.

Tras as anteriores intervencións, apróbanse por asentimento os calendarios propostos e incorpóranse ao **anexo VIII**.



## **10. Proposta cambio de dedicación para o curso 2013/2014**

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita a aprobación de dous cambios de dedicación de profesores asociados/as para rematar o actual curso 2013/2014.

Trátase da praza ocupada por Serafín de Dios Romero (Área de Farmacoloxía), que mantería a súa dedicación P05 por renuncia doutro profesor asociado da área, e da praza de Lucía Núñez Fernández (Área de Farmacoloxía), que mantería tamén a dedicación P05 por renuncia do profesor asociado.

Ambos cambios teñen informe favorable da COAP e da mesa sindical.

Apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo IX** á presente acta.

## **11. Proposta de concesión de venias docentes para o curso 2013/2014**

O vicerreitor de profesorado e planificación docente solicita a concesión da venia docente durante o curso 2013/2014 a favor de D. José Luis Reza Pérez, para impartir docencia na materia de marketing turístico na Escola Universitaria de Turismo.

Conta co informe favorable do Departamento de Análise Económica e Administración de Empresas.

A seguinte venia docente é a solicitada por Rafael Martínez Fernández para impartir docencia na materia de dirección estratéxica da Escola Universitaria de Relacións Laborais durante o curso académico 2013/2014.

Conta co informe favorable do Departamento de análise económica e administración de empresas.

Apróbase por asentimento, e incorpórase como **anexo X**

## **12. Proposta de concesión de licenzas**

Neste punto, a profesora María Luisa Sánchez Simón auséntase do Consello de Goberno.



O vicerreitor de profesorado e planificación docente solicita a concesión de licenza superior a tres meses para as profesoras María Luisa Sánchez Simón e Marta Rey García, das áreas de mecánica de fluidos e comercialización e investigación de mercados, respectivamente.

A primeira, para unha estadía dun ano no Departamento de Engenharia Mecânica da Universidade Federal de Santa Catarina (Florianópolis, Brasil). A segunda, de catro meses, no College of Arts and Sciences da Suffolk University (Boston, EE.UU).

Ambas as propostas de licenzas se aproban por asentimento, e incorpóranse como **anexo XI**.

A profesora María Luisa Sánchez Simón entra de novo na sala de consello de goberno.

### **13. Quenda aberta de intervencións**

Na quenda aberta de intervencións, prodúcense as seguintes:

O profesor Manuel Casteleiro pregunta polo título completo do segundo proxecto de real decreto, que non lle quedou claro.

Carlos Hugo Martínez pídelles ao reitor que se quere homenaxear ao secretario xeral do Movimiento, que non o faga no nome de toda a comunidade universitaria. O reitor contesta que a nota institucional de pésame polo pasamento de Adolfo Suárez se derivou da súa condición de doutor honoris causa por esta Universidade.

Miguel Valeiro denuncia unha serie de problemas que ten a aula do CUR: colapso da rede wifi, falta de enchufes para ordenadores, carencia de iluminación. Solicita que se instale un microondas, unha aula de traballo conxunto. En materia de Erasmus, solicita que a aplicación se poda facer tamén en galego; que se valoren os títulos de portugués e italiano no acceso aos postos; e que se especifiquen para que titulacións son as prazas ofertadas.

A vicerreitora di que o formulario do Erasmus o prepara a Unión Europea nas linguas oficiais dos países membros da UE, onde o galego non aparece. O vicerreitor de calidade di que a conexión de wifi é de difícil dimensionamento, porque se tira moito dela.



Nuria Sousa menciona das queixas dos compañeiros de Ferrol porque non se cubren as vacantes da RPT. Hai unha mobilidade de persoal entre quendas que non parece obedecer a razóns obxectivas. Solicitan que se cubran as vacantes, e que se aclaren os criterios dos cambios de quendas.

Replica o xerente que as vacantes non se cubren por mor das estreiteces orzamentarias, como criterio xeral, non só referente aos centros de Ferrol. Con motivo do proceso de funcionarización, considera que cumpre artellar un mecanismo que substitúa o previsto no convenio colectivo do persoal laboral para o caso do cambio de quendas de mañá ou tarde.

Inés Pernas solicita que se mencione institucionalmente o pasamento da arquitecta Milagros Rey, o pasado 17 de marzo. Foi primeira arquitecta colexiada, Medalla da Xunta de Galicia e Medalla Castelao. O reitor aclara cales son os criterios que se utilizan para mencionar no web institucional o pasamento de membros da comunidade universitaria: que estean en activo ou fosen doutores honoris causa.

Ignasi Colominas pregunta sobre convocatorias da Xunta de Galicia: complementos retributivos autonómicos; convocatorias para grupos emerxentes e consolidados da axencia galega de innovación. Replica sobre a primeira cuestión o vicerreitor de títulos, informando de que nunha reunión anterior da ACSUG suxeriu a utilización dos informes de Docencia nos procedementos de concesión de complementos autonómicos, tomando nota o director da Axencia, polo que deduce que no 2014 debe estarse a traballar nunha convocatoria. Sobre a segunda cuestión, o vicerreitor de Investigación e Transferencia fornece a información da que dispón a día de hoxe sobre as convocatorias da AGI.

Sonia Rodríguez fai un chamamento no nome de UDC en loita para que se participe o 30 de abril na actividade reivindicativa de aulas na rúa.

María Luisa Sánchez Simón solicita, ao fío do comentario que fixo o vicerreitor de títulos sobre a utilización dos informes de Docencia na convocatoria de complementos retributivos autonómicos, que se teñan en conta aos sindicatos en materia retributiva.

Moisés Canle comenta varios aspectos que considera criticables do proxecto de Real Decreto.

Tras as anteriores intervencións, o reitor remata a sesión ás 11:35 horas, do que eu, como secretario, do fe, co visto e prace do presidente.



Visto e prace

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito